

Unidade 05. Recitamos

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

A señora Prudencia non sabe estar soa, ou está na igrexa, rezando pola súa alma e pola de todos, ou se dedica a comadrear, cousa que a divirte moito.

A señora Prudencia leva a conta dos días que faltan para os partos, coñece os amores de todos os mozos e as pelexas dos casados.

Se non ten outra cousa que facer, a señora Prudencia bótalle migallas ás pombas e cacahuetes aos rapaces.

Na miña vila, os domingos, para chamar á misa, tocan o tambor. Olegarioponse no pórtico e repica.

Antes, hai anos, cando a Señora Prudencia aínda non fixera os noventa tiñamos campá de bronce pequena, que a igrexa tamén é pequena.

Un día, no verán, chegaron uns señores da capital. Eran tres e viñan nun coche do máis moderno.

Eran tres e os tres amables.

—Unha vila encantadora —dixo o primeiro.

—Antiga e venerable —dixo o segundo.

—Respirase paz —dixo o terceiro.

O alcalde ensinoulles un cadro que hai no seu despacho e señor cura ensinoulle a igrexa, os santos e a campá.

Ao despedirse deles, o alcalde dixo:

—Foi un pracer.

O señor Cura dixo:

—Espero que volvan.

E digo eu que volveron, pero despois da media noite cando ata os cans dormen, volveron cos pés de manteiga, con guantes e antifaces, ao mellor armados con porras e coitelos.

Ao día seguinte faltaba a campá.

Juan Farias
Desde o corazón da mazá
Editorial Tambre (adaptación)



Unidade 05. Recitamos

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

1. Como pasa o tempo a Señora Prudencia?

2. Que significa «repica».

3. Ponlles o nome aos personaxes.







Unidade 05. Recitamos

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

4. Que significa «volveron con pes de manteiga»?

Marca.

Que teñen os pes untados con manteiga.

Que os pes están brandos coma a manteiga.

Que andan de maneira calada e sen facer ruído.

5. Ordena seguindo a orde da lectura.

Falta a campá.

Chegaron uns señores da capital.

Volveron a media noite.

O alcalde ensina o cadro do seu despacho.

Unidade 05. Recitamos

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Expresión escrita

6. Le e contesta.

Lara é unha rapaza de sete anos e medio. É alta e delgada o seu pelo é liso e negro. Ten a cara redonda os seus ollos son grandes e verdes.

É moi pillabana e alegre, sempre rodeada de amigos. Tamén é un pouco despistada nunca sabe onde deixa o lapis.



Unidade 05. Recitamos

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Expresión escrita

Cales son os trazos físicos de Lara?

- _____
- _____

Como é maneira de ser de Lara?

- _____
- _____